

SERVICIOS MÍNIMOS PARA LA ADMINISTRACION DE JUSTICIA EN GALICIA, A EFECTOS INFORMATIVOS.

No DOGA de hoxe sae publicado o Decreto 87/2010, do 3 de xuño, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de xuño de 2010.

Os que atinxen a Administración de Xustiza son os seguintes:

Dirección Xeral de Xustiza:

- Nas **seccións das salas do contencioso-administrativo e do Social do Tribunal Superior de Xustiza e nas seccións civís das audiencias provinciais:** 1 xestor/a ou tramitador/a procesual e administrativo por cada sección e, para atender o conxunto das seccións, un funcionario de auxilio.
- Nas **seccións penais e mixtas das audiencias provinciais, xulgados do penal, xulgados de menores, xulgados de vixilancia penitenciaria e xulgados de violencia sobre a muller :** 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 funcionario/a de auxilio xudicial por cada sección ou xulgado.
- Nos **xulgados de instrución e xulgados de primeira instancia e instrución de garda, o equipo de persoal que presta o servizo de garda e 1 funcionario/a para atender os servizos mínimos non incluídos no ámbito da garda. Nos restantes xulgados de instrución e xulgados de primeira instancia e instrución,** o persoal especificado no punto anterior.
- Nos **xulgados de primeira instancia, do mercantil, do contencioso-administrativo e do social: 1 xestor/a ou tramitador/a procesual e administrativo por cada xulgado e, para atender o conxunto de xulgados da mesma clase na localidade,** 1 funcionario/a de auxilio por cada catro xulgados.
- Nas **oficinas de fiscalías,** 1 funcionario/a por cada oficina e os funcionarios/as que prestan o servizo de garda.
- Nas **subdireccións territoriais do Instituto de Medicina Legal, os médicos forenses de garda** e 1 tramitador/a ou funcionario/a de auxilio xudicial. Nos rexistros civís exclusivos, 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 funcionario/a de auxilio xudicial.
- Nos **servizos comúns de Notificacións e Embargos,** 1 xestor/a e 2 funcionarios/as de auxilio xudicial.
- Nas **oficinas de rexistro e repartición e decanatos dos xulgados que realizan as ditas funcións nas cidades,** 1 xestor/a ou tramitador/a procesual e administrativo e 1 funcionario/a de auxilio xudicial; como excepción, nas dos xulgados da Coruña e Vigo atenderán os servizos mínimos 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 funcionario/a de auxilio xudicial.

UGT